



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE XANEIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 18 de xaneiro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández (asiste aos puntos 1, 5, 6 e 8)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste aos puntos 2, 3 e 4)

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Susana García Calvo
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Fernando Carballo Villar (asiste aos puntos 2d e 7a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b, 2c, 2e, 3b, 3c, 5a e 6a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 9a)
D. Benjamín A. Collazo Martínez (asiste ao punto 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 11 de xaneiro de 2017

Apróbase a sesión do 11 de xaneiro de 2017 cos votos de D. Carlos López Font, D^a. Margarita Parajó Calvo e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15342-333) (emenda de documentación)

Requirida a emenda da documentación persoal a COVIASSTEC, S.L. por acordo da Mesa do 11 de xaneiro de 2017, a empresa presenta o 16 de xaneiro (dentro do prazo concedido) unha declaración responsable da mesma data que o escrito de presentación, na que manifestan posuír unicamente a clasificación C-6-2 e relacionan unha serie de contratos executados para declarar a solvencia técnica.

Tras a cualificación da documentación pola Mesa, esta acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15342-333) a COVIASSTEC, S.L. por non dispor dunha das dúas clasificacións obrigatorias esixidas na cláusula 8.4.3º e no apartado 6A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (grupo I - subgrupo 9 - categoría 1).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4095-440)

Ábrese o sobre A “*Documentación persoal*” deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 2. AVAN INTEGRAL, S.L.
 3. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 4. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
 5. ORECO, S.A
 6. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 7. COPCISA, S.A.
 8. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 9. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 10. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
 11. EXTRACO, S.A.
 12. MISTURAS, S.A.
 13. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 14. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

Constan nas correspondentes declaracións que AVAN INTEGRAL, S.L. e CIVIS GLOBAL, S.L.U. pertencen ao mesmo grupo de empresas, e que UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. e CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. participan na unión temporal de empresas ao 50%.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal colindantes ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

A secretaria informa aos membros da Mesa que a empresa CONSERNOR, S.L. presenta un único sobre no que se indica “CDS CON LA DOCUMENTACIÓN DE LOS TRES SOBRES PARA PARTICIPAR EN LA LICITACIÓN”.

A continuación, ábrese o sobre A “*Documentación persoal*” dos licitadores que se presentaron a este procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

II:

1. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
3. EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
4. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
5. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
6. HIDROMIÑO, S.L.*
7. AVAN INTEGRAL, S.L.*
8. CIVIS GLOBAL,S.L.U.*
9. C.D. INDEPO, S.L.*
10. ORECO, S.A.¹
11. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
12. UTE COPCISA, S.A. - ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L. (participan na UTE na proporción 70%-30% respectivamente)
13. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
14. OGMIOS PROYECTO, S.L.
15. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
16. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
17. UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A. (participan na UTE ao 50%)
18. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.² e MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (participan na UTE ao 50%)
19. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. e CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (participan na UTE ao 50%)
20. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
21. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
22. NAROM, S.L.
23. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
24. EXTRACO, S.A.
25. MISTURAS, S.A.
26. HORDESCON, S.L.
27. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
28. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
29. UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. e REYCONS, S.L. (participan na UTE na proporción 70%-30% respectivamente)

Nas respectivas declaracións consta que as empresas HIDROMIÑO, S.L., AVAN INTEGRAL, S.L., CIVIS GLOBAL,S.L.U. e C.D. INDEPO, S.L. pertencen ao mesmo grupo de empresas.

¹ A empresa ORECO, S.A. declara posuír a clasificación C-6-3, en lugar da G-6-3 esixida polo prego. No entanto, consultado o Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, compróbase que posúe a clasificación esixida.

² A empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. que concorre en UTE con MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., declara que non posúe a clasificación esixida no prego, pero cando menos consta clasificada, segundo se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desprende da consulta realizada no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

- b) Non admitir a CONSERNOR, S.L. no procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal colindantes ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440) por ter presentado un único sobre coa documentación correspondente aos 3 sobres esixidos na cláusula 12 e apartado 7 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), incumprindo os requisitos de presentación da documentación esixidos no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (“o sobre da proposición económica conterà exclusivamente esta, e presentaranse, ademais, tantos sobres como fases de valoración se teñan establecido”).

d) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

Ábrese o sobre A “Documentación persoal” deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA) por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos licitadores que deseguido se relacionan para que poidan emendar a documentación presentada e polos seguintes motivos:
- CLAUDIO ABALO CARRERA: Para os efectos de acreditar a solvencia técnica e profesional, os servizos ou traballos que declare o licitador deben ser de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, segundo esixe a cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas que establece que a solvencia técnica e profesional acreditárase mediante:

“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.

O obxecto do contrato, segundo o apartado 2a do Anexo I -FEC- do prego, consiste na “prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo”.
 - DIEGO BALLESTEROS PEINADO: tanto a solvencia técnica e profesional como a económica e financeira que declara resultan insuficientes segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares e no seu Anexo II.

e) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Ábrese o sobre A “*Documentación persoal*” deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.
 2. COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15342-333)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” das proposicións presentadas e admitidas. A empresa ALVAC, S.A. só presenta un CD, polo que se fará unha copia polo Servizo de Contratación.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4095-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” das proposicións presentadas e admitidas. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. presenta un exemplar en papel e outro en formato dixital (CD).

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal colindantes ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

Ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” das proposicións presentadas e admitidas. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. presenta un exemplar en papel e outro en formato dixital (CD).

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2d requirir a dous licitadores a emenda da documentación persoal.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo lote 1	Prezo lote 2	Redución prazo tallado	Redución prazo entrega
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	29.139,21	22.327,82	-	-
COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L.	27.109,20	21.186,65	5 días naturais	5 días naturais

Faise constar que a empresa COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L. presenta 4 sobres en lugar de 3 (Sobre A documentación persoal, Sobre B proposición avaliable mediante xuízo de valor, Sobre C proposición avaliable mediante fórmula e Sobre D mostrás).

Os dous licitadores se presentan aos dous lotes e os dous achegan o cadro de prezos unitarios esixido no apartado 7B das FEC.

A continuación, ábrese o sobre C “Mostras”.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica e económica ao servizo xestor.

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 30 de decembro de 2016, en cumprimento do acordado na sesión do 29, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas seguintes empresas:

1. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.A.
2. LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

Só MANTELNOR LIMPIEZAS, S.A. presentou documentación dentro do prazo concedido, da que se deu traslado ao responsable do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Con data do 13 de xaneiro de 2017 emítase o informe asinado polo xefe de Limpeza, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos sobre a xustificación da baixa anormal ou desproporcionada presentada pola citada empresa no que fai constar:

“Esta situación nos leva á conclusión de atender, que a pesar de que a xustificación presentada, non acredita con suficiente grado de detalle o desglose dos custes vinculados ao apartado, a citada documentación reitera o compromiso e a capacidade propia para o cumprimento das súas obrigas por parte de MANTELNOR, polo cal debe considerarse dita capacidade, e sobre todo, tendo en conta que o presente expediente recolle nos pregos, un procedemento específico para a determinación do desenvolvemento dun CONTROL OPERATIVO DE CALIDADE a realizar trimestralmente, que abarca entre outros aspectos unha avaliación sobre o grado de cumprimento dos medios propostos polo adxudicatario, así como a súa aplicación na execución do contrato a través do INDICADOR DE CALIDADE GLOBAL DO SERVIZO “QG”, recollido no PPTP.

Polo exposto dáselle traslado do presente informe á Mesa de contratación, para que á vista das indicacións e conclusións nel recollidas, propoña aceptación ou rechazo da xustificación presentada pola mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS SLU, como consecuencia da consideración en presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión de LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

7.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612) (informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo de data 10 de xaneiro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”. A Mesa, logo do seu estudo, acorda, por unanimidade, aceptar o referido informe. Así mesmo, á vista do escrito presentado pola UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. Vigozoo o 30 de decembro de 2016, do que se deu conta á Mesa na sesión do 11 de xaneiro (no que manifesta que a empresa GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. presentou a súa oferta “careciendo de la preceptiva autorización administrativa expedida por el Ministerio del Interior” “para el transporte y distribución de efectivo”), solicita que polo servizo xestor se informe sobre se é necesaria a autorización á que se refire a citada UTE, con carácter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previo á proposta de clasificación.

8.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto anterior pedir informe ao servizo xestor con carácter previo á proposta de clasificación.

9.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (requirimento de documentación)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, en cumprimento da resolución nº 1069/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de data 22 de decembro de 2016 pola que se estima o recurso nº 865/2016 C.A. Galicia 117/2016 interposto por D^a. Olga Carmen Zaragoza Giner, en representación da UTE GESTIÓN DE ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, contra o acordo de exclusión do procedemento de adxudicación do contrato de Servizo para a xestión da escola infantil de Santa Marta - Casco Vello, así como do acordo da Xunta de Goberno local do 5 de xaneiro de 2017, concedéuselle un prazo de tres días hábiles á citada UTE para a presentación da seguinte documentación:

1. Compromiso de constitución en UTE
2. Acreditación da capacidade e solvencia de D^a. María Francisca Nebot Marín e da sociedade DELFIPEQUE, S.L.

Durante o prazo concedido, o 17 de xaneiro de 2017, a UTE presenta a seguinte documentación:

- a) Compromiso de constitución en UTE
- b) Certificados da Axencia Tributaria de alta no censo de empresarios e do IAE 2016-2017 e de estar ao corrente e certificado de estar ao corrente coa TGSS de D^a. MARIA FRANCISCA NEBOT MARTI e da mercantil DELFIPEQUE, S.L.
- c) Certificación de terceiros de capacidade e solvencia técnica e profesional, declaracións individuais de capacidade e solvencia técnica e declaración bancaria de solvencia financeira.
- d) Escritura e poderes de DELFIPEQUE, S.L.
- e) Escritura de constitución da UTE GESTION ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES e da mercantil GESTIO I EDUCACIO INFANTIL, S.L.

Tras a cualificación da documentación pola Mesa, esta acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento á UTE GESTION ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:25	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB42-C33648-C1A72H-4BR5HM-P2TRDK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		